Galicia Encantada

20 ANIVERSARIO 2005 ✿ 2025

Enciclopedia de Fantasía Popular de Galicia

Festas e mitoloxía relixiosa

Os milagres do San Bieito da Uceira

A ermida do san Bieito da Uceira sitúase no monte da Uceira, preto do lugar de Sandiás, concello de Sandiás (Ourense). O San Bieito da Uceira é santo moi milagreiro, especialmente avogoso para as verrugas.

»D´unha vez, querendo levar unha pedra pra capilla, grande, e como está rodeada de paredón, andaban buscando por ond´e entrar co carro, e, cando se descoidaron, os bois subiron por´as escaleiras de subir a xente, o que sólo s´explica como milagre, pois do contrario, non houbera sido posible que os bois subisen nin co carro baleiro tales escaleiras.

Sexa esto certo ou non, o caso é que na capilla hay unhas muletas y´un cayado que proban que algún subiu axudado de tales instrumentos, e o Santo fixo que non os necesitase pra baixar, y´entonces quedáronlle de regalo e como testimonio do milagre».

[Texto e foto remitidos por Xavier Feixoo, Sandiás, Ourense]



BIBLIOGRAFÍA

FONTE

SANTANA, Urbano, «Resume xeneral de folk-lore de Sandiás», en Revista Nós, números 89, 90 e 93, xuño-setembro, 1931.

BIBLIOGRAFÍA:

www.concellodesandias.com, web de Cultura Popular do concello de Sandiás a cargo de Xavier Feixoo.